

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: COLEXIO PLURILÍNGUE ABRENTE

CURSO: 3º ESO

MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS

DEPARTAMENTO: CIENCIAS SOCIAIS

DATA: 13/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>UNIDADE 1: As actividades económicas e os espazos xeográficos</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender e explicar conceptos básicos relacionados coa actividade económica. 2. Relacionar os axentes económicos, e explicar as súas relacións. 3.1. Recoñecer a importancia dos recursos, o capital e a tecnoloxía como factores de produción. 3.2. Distinguir o factor traballo e aplicalo aos problemas laborais. 4. Recoñecer as características do capitalismo e o socialismo, e comprender o chamado estado do benestar. 5. Comprender a xeneralización do capitalismo no mundo actual e recoñecer os seus problemas. 6.1. Demostrar a súa comprensión da globalización. 6.2. Comprender o papel das multinacionais na globalización económica. 7. Diferenciar a Tríade, as potencias emerxentes e as áreas económicas atrasadas. 8. Utilizar a prensa e Internet para coñecer problemas económicos actuais. 9. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias básicas. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Explica o concepto de economía. 1.2. Distingue sectores económicos. 2.1. Distingue os axentes económicos. 2.2. Describe relacións económicas. 3.1. Identifica o papel dos distintos factores de produción. 3.2. Analiza a problemática asociada ao factor laboral. 4.1. Define capitalismo, socialismo e estado do benestar. 5.1. Analiza a extensión do capitalismo. 5.2. Identifica os problemas asociados ao capitalismo. 6.1. Describe a globalización económica. 6.2. Identifica o papel dunha multinacional no mundo. 7.1. Identifica as principais áreas xoeconómicas. 8.1. Recolle información válida sobre temas económicos de actualidade. 9.1. Desenvolve competencias básicas.
<p>UNIDADE 2: O sector primario. Os espazos agrarios</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Recoñecer os espazos e as actividades agrarias. 2.1. Comprender os condicionantes físicos das actividades agrarias. 2.2. Comprender a diversidade de factores humanos que inflúen nas actividades agrarias. 3. Comprender e identificar os elementos das paisaxes agrarias. 4. Identificar sistemas de cultivo e tipos de agricultura: tradicional, produtivista e ecolóxica. 5. Identificar os sistemas agrarios tradicionais, e explicar os seus modelos 6. Coñecer os trazos esenciais das paisaxes agrarias evolucionadas, e explicar modelos significativos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Distingue o espazo agrario. 1.2. Diferencia as distintas actividades agrarias. 2.1. Coñece a influencia do medio físico nas actividades agrarias. 2.2. Recoñece nas actividades agrarias a diversidade do factor humano. 3.1. Distingue os elementos da paisaxe agraria. 4.1. Identifica a agricultura tradicional. 4.2. Identifica a agricultura produtivista. 4.3. Identifica a agricultura ecolóxica. 5.1. Explica os sistemas agrarios tradicionais. 6.1. Explica os sistemas agrarios evolucionados. 7.1. Identifica a gandería tradicional.

<p>7. Coñecer os sistemas gandeiros, e distinguir as ganderías tradicional, produtivista e ecolóxica.</p> <p>8. Coñecer os espazos forestais, as súas funcións e problemas actuais.</p> <p>9. Coñecer os sistemas de pesca e os problemas do sector pesqueiro.</p> <p>10. Manexar con soltura datos estatísticos de contidos xeográficos.</p> <p>11. Desenvolver competencias básicas.</p>	<p>7.2. Identifica a gandería produtivista.</p> <p>7.3. Identifica a gandería ecolóxica.</p> <p>8.1. Identifica os espazos forestais.</p> <p>8.2. Coñece os problemas do espazo forestal.</p> <p>9.1. Diferencia sistemas de pesca.</p> <p>9.2. Coñece os problemas pesqueiros.</p> <p>10.1. Utiliza estatísticas para a análise xeográfica.</p> <p>11.1. Desenvolve competencias básicas.</p>
<p>UNIDADE 3: O sector secundario. Os espazos industriais</p> <p>1. Coñecer o concepto e as actividades do sector secundario.</p> <p>2.1. Coñecer o concepto de materia prima e diferenciar os seus principais tipos.</p> <p>2.2. Distinguir as vantaxes, inconvenientes e principais aproveitamentos das fontes de enerxía tradicionais.</p> <p>2.3. Distinguir as vantaxes, inconvenientes e principais aproveitamentos das fontes de enerxía alternativas.</p> <p>3. Reflexionar sobre os problemas e políticas enerxéticas.</p> <p>4. Coñecer os novos aproveitamentos e materiais e tomar postura sobre o seu uso.</p> <p>5.1 Identificar as industrias artesanal e moderna e as súas paisaxes.</p> <p>5.2. Identificar a industria actual e as súas paisaxes.</p> <p>6. Diferenciar as distintas tipoloxías de industrias e espazos industriais, e explicar os factores actuais de localización industrial.</p> <p>7. Relacionar a industria coa globalización e localizar as principais áreas Industriais.</p> <p>8. Comentar imaxes de paisaxes industriais.</p> <p>9. Desenvolver competencias básicas.</p>	<p>1.1. Define o sector secundario.</p> <p>1.2. Distingue as actividades do sector secundario.</p> <p>2.1. Identifica materias primas.</p> <p>2.2. Identifica e distingue fontes de enerxía.</p> <p>2.3. Recoñece vantaxes e inconvenientes nunha fonte de enerxía.</p> <p>3.1. Opina con fundamento sobre as fontes de enerxía.</p> <p>4.1. Identifica novos aproveitamentos nos materiais e opina sobre eles.</p> <p>5.1. Distingue as etapas históricas da industria e as súas paisaxes.</p> <p>5.2. Distingue a industria actual e as súas paisaxes.</p> <p>6.1. Distingue sectores industriais.</p> <p>6.2. Relaciona factores de localización industrial.</p> <p>7.1. Identifica a globalización industrial e as principais áreas industriais.</p> <p>8.1. Identifica e distingue paisaxes industriais.</p> <p>9.1. Aplica competencias básicas.</p>
<p>UNIDADE 4: O sector terciario. Os espazos e as actividades</p> <p>1.1. Identificar as actividades do sector terciario, recoñecer os tipos de servizos e a súa distinta importancia no mundo actual.</p>	<p>1.1. Diferencia os tipos de servizos.</p> <p>2.1. Sinala as redes de transporte mundiais.</p> <p>2.2. Expón unha análise persoal sobre o sector do transporte.</p>

<p>2.1. Identificar as redes de transporte mundiais.</p> <p>2.2. Coñecer os sistemas de transporte: vantaxes, inconvenientes e situación actual.</p> <p>3.1. Recoñecer e diferenciar as últimas tendencias do transporte.</p> <p>4.1. Coñecer as modalidades e áreas turísticas internacionais.</p> <p>4.2. Explicar as repercusións positivas e negativas do turismo.</p> <p>5. Diferenciar os elementos do comercio e explicar a súa evolución.</p> <p>6. Diferenciar os tipos de comercio interior e os seus espazos comerciais.</p> <p>7. Coñecer conceptos básicos relacionados co comercio exterior: importación, exportación, balanza comercial, OMC, bloques comerciais, e áreas principais.</p> <p>8. Comprender como se realiza e estrutura un traballo de xeografía, e expoñelo na clase.</p> <p>9. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias básicas.</p>	<p>3.1. Sinala as tendencias actuais do transporte.</p> <p>4.1. Diferencia sectores turísticos e as súas áreas de referencia.</p> <p>4.2. Describe vantaxes e inconvenientes do turismo.</p> <p>5.1. Describe os elementos do sector comercial.</p> <p>6.1. Describe o comercio interior e os seus espazos.</p> <p>7.1. Define conceptos fundamentais do comercio exterior.</p> <p>8.1. Realiza e expón en clase un traballo de xeografía.</p> <p>9.1. Desenvolve competencias básicas.</p>
<p>UNIDADE 5: A organización e as actividades económicas en Europa</p> <p>1. Distinguir as principais institucións da UE, e explicar as súas funcións.</p> <p>2. Comprender os trazos básicos da poboación activa europea e os seus principais problemas.</p> <p>3. Diferenciar as actividades agrarias e a pesca de Europa, e explicar políticas comunitarias, como a PAC e a PPC.</p> <p>4. Recoñecer sectores e áreas industriais europeos, localizar, e identificar políticas económicas.</p> <p>5. Explicar características esenciais do comercio, o transporte e o turismo en Europa.</p> <p>6. Participar de forma activa en debates de contido xeográfico.</p> <p>7. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias básicas.</p>	<p>1.1. Caracteriza as institucións europeas.</p> <p>2.1. Analiza estatísticas laborais e conclúe os caracteres esenciais.</p> <p>2.2. Analiza información gráfica e detalla a problemática do paro europeo.</p> <p>3.1. Atende con solvencia un cuestionario sobre agricultura europea.</p> <p>3.2. Explica a PAC e a PPC.</p> <p>4.1. Explica nun texto as características actuais da industria europea e a súa distribución.</p> <p>5.1. Extrae dos contidos da epígrafe dedicada ao sector terciario a información elemental sobre este.</p> <p>6.1. Participa na organización e desenvolvemento dun debate.</p> <p>7.1. Desenvolve competencias básicas.</p>
<p>UNIDADE 6: A organización e as actividades económicas en España e Galicia</p> <p>1. Explicar o sistema político e as institucións do Estado español.</p> <p>2. Coñecer a organización do territorio español en comunidades autónomas, provincias e municipios.</p> <p>3.1. Comprender as actividades e as paisaxes agrarias en España.</p>	<p>1.1. Analiza o sistema político español e compárao con outros.</p> <p>2.1. Describe e caracteriza a organización territorial de España.</p> <p>3.1. Clasifica e caracteriza nun cadro paisaxes agrarias españolas.</p> <p>3.2. Explica as distintas formas de pesca en España.</p> <p>4.1. Interpreta os mapas mineiros e enerxéticos de España.</p>

<p>3.2. Diferenciar os caracteres básicos da pesca marítima en España.</p> <p>4.1. Identificar as bases da actividade industrial española: a minería e a enerxía.</p> <p>4.2. Coñecer os principais sectores industriais e a distribución espacial e problemas da industria española.</p> <p>5.1. Coñecer a situación actual do comercio e o transporte.</p> <p>5.2. Explicar modalidades turísticas e os factores e consecuencias esenciais positivas e negativas do turismo.</p> <p>6. Valorar o desenvolvemento sostible e analizar as medidas de protección ambiental.</p> <p>7. Explicar a importancia de cada un dos sectores económicos en Galicia.</p> <p>8. Comentar con propiedade textos xeográficos.</p> <p>9. Desenvolver competencias básicas.</p>	<p>4.2. Analiza o mapa industrial español e valora a súa distribución.</p> <p>5.1. Utiliza datos da web oficial e explica a situación do comercio e o transporte.</p> <p>5.2. Identifica e explica modalidades turísticas.</p> <p>6.1. Selecciona medidas para colaborar co desenvolvemento sostible.</p> <p>7.1. Indica o gando e os cultivos predominantes en Galicia.</p> <p>7.2. Identifica os principais sectores industriais de Galicia e coñece as zonas onde se localizan as industrias.</p> <p>7.3. Coñece a situación dos medios de transporte de Galicia e analiza o mapa da rede de transportes.</p> <p>7.4. Busca información sobre os lugares turísticos de Galicia.</p> <p>8.1. Comenta textos xeográficos de libre elección.</p> <p>9.1. Desenvolve competencias básicas.</p>
<p>UNIDADE 7: Os recursos naturais e os impactos ambientais</p> <p>1. Recoñecer a relación que existe entre as actividades humanas e o medio, e a evolución temporal desa relación.</p> <p>2. Coñecer, comprender e diferenciar os problemas de alteración do relevo e o solo, e pon exemplos significativos.</p> <p>3. Mostrar interese por coñecer que son os refugallos tecnolóxicos e os seus inconvenientes.</p> <p>4. Coñecer, comprender e diferenciar os problemas de alteración da auga e da atmosfera.</p> <p>5. Recoñecer consecuencias da deforestación e a redución da biodiversidade, e localizar as áreas xeográficas onde se producen.</p> <p>6. Identificar os principais problemas ambientais en España.</p> <p>7. Coñecer a Rede Natura 2000 e as distintas figuras de protección ambiental en España e en Galicia.</p> <p>8. Organizar de forma adecuada carpetas e arquivos TIC.</p> <p>9. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias básicas.</p>	<p>1.1. Describe as alteracións ambientais propias en distintos períodos históricos que se aprecian nas ilustracións.</p> <p>2.1. Compara nun cadro os problemas do relevo e o solo.</p> <p>3.1. Describe a problemática dos refugallos asociados ao consumo tecnolóxico.</p> <p>4.1. Enumera os problemas da atmosfera e a hidrosfera.</p> <p>5.1. Indica as zonas con deforestación crítica e as súas causas e consecuencias.</p> <p>6.1. Explica os principais problemas ambientais en España.</p> <p>7.1. Identifica a Rede Natura 2000 e as distintas figuras de protección ambiental en España e en Galicia.</p> <p>8.1. Crea unha carpeta TIC con subcarpetas nas que garda arquivos.</p> <p>9.1. Desenvolve competencias básicas.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Na cualificación das tarefas valoraránse positivamente os seguintes conceptos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Adecuación pregunta/resposta.• Corrección formal (lexibilidade, marxes, sangría...) e ortográfica.• Capacidade de síntese.• Capacidade de definición.• Capacidade de argumentación e razoamento.
	<p>Instrumentos:</p> <p>Calificacións de exames escritos na primeira e segunda avaliación</p> <p>Traballos realizados na plataforma online</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Notas do primeiro trimestre e segundo ata o 13 de Marzo, traballos de recuperación para os alumnos que suspenderon algunha das avaliacións.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Realización de exame presencial en caso de ser posible da materia impartida presencialmente,</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Valoración do traballo realizado nas tarefas online e a nota das probas escritas realizadas na aula. A entrega das actividades online constitúe o 50% da nota total</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Valórase a corrección das actividades online, entrega en prazo e contidos. Na proba escrita realizouse unha valoración</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Realización de traballo neste trimestre e notas das probas anteriores ao 13 de Marzo</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades de repaso e resumo con apoio de materiais multimedia (vídeos, actividades plataforma online)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Envío o día anterior por classroom e publicación na web do centro. Aconséllase aos alumnos realizalo na hora de clase do horario habitual durante o curso, pero flexibilizando a entrega ao longo da xornada para facilitar a organización nos fogares.
Materiais e recursos	Actividades de repaso a través da web do centro e a plataforma google classroom.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Envío de correo electrónico e publicación na web do centro.
Publicidade	Publicado na sección de departamento da web do centro.